

Texto e ilustracións: **REINER ZIMNIK**

Encadernado en cartón. 15x20 cm.

60 páxinas. Debuxos a plumiña.

Dispoñible en:

-Galego: "Pequeno tigre bradante"  
Seteleguas. ISBN 84-8464-219-4

-Castellano: "El pequeño tigre rugidor"  
Seteleguas. ISBN 978-84-96388-95-6

Prezo: 12 €

## PEQUENO TIGRE BRADANTE



**Sempre contento, os demais animais queríanlo moito.  
Pero un día sentiuse forte e valente e quixo ir coñecer mundo.  
Así que, polo bosque adiante, botou a andar...**

O audaz protagonista deste entrañable relato contaba coa simpatía dos seus veciños do bosque, pero había animais que se mofaban del porque era pequeniño e o seu bramido non resoaba forte. O día que descubriu o eco do seu berro na profundidade da arboreda, sentiuse máis valente, xa que os animais estremecíanse ao escoitar o son. Ese achado animouno a traspasar as fronteiras do que fora o seu fogar, para coñecer mundo.


A inocencia do pequeno tigre irase esvaíndo a medida que se atopa cos seres humanos, cos que chegará á conclusión de que a supervivencia fóra do bosque resulta moito máis perigosa.

As ilustracións, feitas con sinxelos trazos de plumiña, invitan a recrearse nesa segunda lectura do texto, para gozar dos detalles, o humor e os xogos de perspectiva.

### **REINER ZIMNIK** (Polonia, 1930)

A II Guerra Mundial obrigouno a salir do seu país. Trala morte do seu pai, deixou os estudos para traballar de carpinteiro. Posteriormente estudou Belas Artes en Munich. Publicou a súa primeira obra en 1954: "Xonás o pescador". O libro converteuse nun éxito dende a súa aparición, tanto en Europa como en América; foi traducida a numerosas linguas.

A este título seguíronlle unha trintena de libros ilustrados. Zimnik tamén participou en exposicións de pintura en Suiza e Alemaña, ademais de colaborar en varias series para a televisión xermana. Non obstante, o propio autor recoñece que, de cando en vez, gústalle cambiar os lapis polo seu martelo de carpinteiro.



- **Temática:** crecemento persoal, madurez
- **Idade recomendada:** a partir de 8 anos
- **Aspectos destacables:** o medio ambiente e os animais, os perigos, as ansias de ver mundo; outros títulos deste autor publicados por KALANDRAKA: "Xonás o pescador" e "O guindastre"